

ORDENANZA FISCAL NÚM. 151

TAXAS POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE SACAS DE AREA E DOUTROS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN EN TERREOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa polo aproveitamento especial de sacas de area e doutros materiais de construcción en terreos públicos municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 57 e 20.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGA DE PAGO DA TAXA.

A obriga de pagar a taxa regulada nesta ordenanza nacerá dende o momento en que se produza o aproveitamento.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

Están suxeitos ó pago dos dereitos ou taxas as persoas naturais ou xurídicas que realicen ou se beneficien directamente dos aproveitamentos citados nesta ordenanza.

ARTIGO 4º. TARIFAS

A contía da taxa fixase en 1,26 € por metro cúbico ou fracción de material que se extraia.

ARTIGO 5º. NORMAS DE XESTIÓN.

As persoas ou entidades ás que interese efectuar o aproveitamento mencionado na anterior tarifa solicitarano mediante instancia dirixida á Alcaldía, facendo constar a clase e cantidade de material que solicitan e lugar da extracción.

A concesión de autorización pola Alcaldía será discrecional, tralo informe do Celador do patrimonio municipal ou órgano competente.

ARTIGO 6º.

Na autorización que se conceda, chegado o caso, faranse constar as condicións do aproveitamento e a obrigación do beneficiario de responder dos danos que poidan producirse pola extracción de materiais ou por incumprimento das condicións fixadas.

Poderá esixirse o previo afianzamento para responder dos posibles danos indicados e en todo caso o previo ingreso do importe da taxa.

ARTIGO 7º.

Concedida a autorización pola Alcaldía comunicáráselle ó Celador do patrimonio municipal, para os efectos de vixilancia e comprobación do aproveitamento, e en caso necesario, a xuízo da Alcaldía, farase previamente un cálculo da capacidade da canteira, levantaránse os correspondentes perfís desta e dosificaranse provisionalmente os volumes de cada clase que ha de render a superficie avaliada.

ARTIGO 8º. TRATAMENTO.

1. Presentada a solicitude no Rexistro Xeral, coa documentación esixida, remitirase ó negociado correspondente, o cal requirirá nun só acto os informes regulamentarios, que no prazo de 10 días hábiles emitirán os Servizos Técnicos, sobre a procedencia ou non de acceder ó solicitado.

2. Emitidos os informes polo negociado que corresponda, formularase a proposta de resolución, que será motivada se é denegatoria.

3. O Servizo de Facenda local, previamente ó outorgamento da licenza, practicará a liquidación das diversas taxas, que se visará pola Intervención.

ARTIGO 9º. RESOLUCIÓN.

A Alcaldía adoptará a resolución procedente e chegado o caso aprobará no mesmo acto, a liquidación practicada.

Tamén resolverá sobre as prórrogas solicitadas e aprobará de ser o caso as liquidacións complementarias.

ARTIGO 10º. NOTIFICACIÓN.

Adoptada a resolución, notificarase esta ó interesado, xunto coa liquidación das taxas para o seu ingreso directo na Tesourería, no prazo sinalado para a dita modalidade de cobranza na Ordenanza fiscal xeral.

Da dita resolución e liquidación darase traslado así mesmo á Intervención, ó Servizo de Facenda Local, ós servizos técnicos correspondentes e á Inspección de Facenda Local.

ARTIGO 11º. ENTREGA DA LICENZA Ó INTERESADO.

Terá lugar trala presentación no negociado correspondente do xustificante de ter efectuado o ingreso das cotas liquidadas na Tesourería.

ARTIGO 12º. FINAL DO APROVEITAMENTO.

Concluído o período de aproveitamento, o interesado está obrigado a comunicar por escrito ó Concello a finalización do dito aproveitamento. Noutro caso, seguirán devengándose as taxas que correspondan.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto especialmente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Támen serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 2 de novembro de 1999 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTegra:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008